

2 Explica. Que *cousas misteriosas* cres que fixeron os pais?

Resposta modelo (R.M.). Realizaron chamadas de teléfono
e escribiron correos electrónicos.



3 Indica a que momento da historia corresponde cada imaxe da avoa.



É o momento en que a avoa explica aos seus netos que na vila só
quedan vellos e que a tenda está pechada por falta de clientes.

É o momento en que a avoa volve da panadaría coa noticia de que
a vila está a punto de recibir novos veciños.



4 Resolve estas cuestións. R.M.

- Que aspecto cres que ten a vila actualmente?
Marca.



- Por que cambiou tanto a localidade? Porque chegou moita xente a vivir durante todo
o ano e as tendas volveron a abrir porque había clientes.

- Que quere dicir que os novos veciños viñan dos catro puntos cardinais? Quere dicir que
a xente viña de moitos sitios diferentes.

5 Explica que propoñerías ti para que as pequenas vilas e aldeas non quedasen despoboadas.

Resposta libre (R.L.).